



RESOLUCIÓN DE 27 DE OUTUBRO DE 2014, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A VINCULACIÓN TEMPORAL DE TRES PRAZAS DE FACULTATIVO ESPECIALISTA EN ANÁLISES CLÍNICOS, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DE 22 DE OUTUBRO DE 2013.

Mediante Resolución de 22 de outubro de 2013 do Xerente de Xestión Integrada da Coruña convocáronse, para vinculación temporal por concurso de méritos, prazas de diversas especialidades de persoal licenciado sanitario. Por Resolución de 30 de xullo de 2014, fixéronse públicos os acordos da Comisión de avaliación da especialidade de Análises Clínicos (nomeada por Resolución da Xerencia da EOXI Coruña do 9 de abril de 2014), cos resultados obtidos polos aspirantes concorrentes, abrindo un prazo de reclamacións para que os interesados presentaran as que considerasen pertinentes. Transcorrido o prazo regulamentado e resoltas as reclamacións presentadas, esta Xerencia

RESOLVE:

- Elevar a definitiva a listaxe provisional de puntuacións acadadas polos aspirantes.

- Seleccionar para a cobertura dunha das prazas á seguinte candidata:

M. ASUNCIÓN ÁLVAREZ RUEDA: 57,32 puntos

- Declarar, conforme posibilita a base cuarta da convocatoria, desertas dúas das prazas convocadas por non acadar os restantes candidatos a puntuación mínima de 50 puntos.

De acordo coa base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de toma de posesión dun mes para que os candidatos formalicen o nomeamento. O prazo comezará a contar dende o martes 28 de outubro de 2014.

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes dende a súa publicación, conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

A Coruña a 27 de outubro de 2014
XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA

 SERVICIO GALEGO de SAÚDE | Xerencia de Xestión Integrada A Coruña
XERENCIA

Xerencia de Xestión Integrada

Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga